



## **7ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA**

**Data:** 4 de decembro de 2020

**Lugar:** por motivos relacionados coas actuais restricións a xuntanza realizouse a través de videoconferencia

**Hora de comezo:** 12:00 h

**Hora de remate:** 13:15 h

### **Asistentes**

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vicepresidente
3. M<sup>a</sup> Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M<sup>a</sup> del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M<sup>a</sup> del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia, vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal
8. M<sup>a</sup> José García Sexto, en representación da AMTEGA, vogal
9. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal
10. Rodrigo Silva Poceiro, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra, en representación da Dirección Xeral de Xustiza, vogal
11. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, en representación do Consello Galego de Universidades, vogal

### **Xustifican a ausencia**

1. Margarita de la Calle Amaro, analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vogal
2. Susana Díaz García, técnica de arquivos do Concello de Foz, en representación da FEGAMP, vogal
3. M<sup>a</sup> Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica de Cultura, vogal
4. José Luis Castro Carpintero, técnico de arquivos da Deputación Provincial de Pontevedra, en representación da FEGAMP, vogal
5. M<sup>a</sup> Aránzazu Portabales Santomé, Intervención Xeral da Xunta de Galicia, vogal



## ORDE DO DÍA

- 1 Lectura e aprobación da acta da sesión anterior**
- 2 Información sobre a renovación dos membros do consello**
- 3 Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:**
  - AA856: Expedientes de catalogación dun vehículo como histórico
  - AA3143: Expedientes de inscrición no procedemento de recoñecemento de competencia profesional
  - AA5110: Expedientes sancionadores en materia de transporte por estrada
  - AA5063: Expedientes de asistencia xurídica gratuíta
  - AA3971: Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)
  - AA391: Expedientes de autorización de actividades arqueolóxicas
  - AA712: Expedientes de xestión de prestacións da Lei de integración social de minusválidos (LISMI)
- 4 Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:**
  - 4.1 Propostas de eliminación de documentos de series documentais que foron ditaminadas polo Consello de Avaliación Documental de Galicia e que contan con Táboas de valoración aprobadas e publicadas no DOG:

### Concello de Ferrol

Series aprobadas no CADG na sesión do 9 de xullo de 2019. Táboas publicadas no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020:

- T024. Serie: AL 545: Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos  
Datas extremas: 1968-2003  
Volume a eliminar: 43 u.i.
- T026. Serie AL 552: Expedientes de taxas e prezos públicos.  
Datas extremas: 1956-2006  
Volume a eliminar: 95 u.i

### Universidade de Vigo

Series aprobadas no CADG na sesión do 9 de xullo de 2019. Táboas publicadas no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020:

- T030 Serie U001: Expedientes de xestión do gasto e do pagamento  
Datas extremas: 2001-2004  
Volume a eliminar: 999 u.i.
- T031 Serie U002: Expedientes de modificacións orzamentarias  
Datas extremas a eliminar: 1996-2004  
Volume a eliminar: 79 u.i.
- T032 Serie U003: Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio  
Datas extremas: 2006-2014  
Volume a eliminar: 1091 u.i.
- T033 Serie U004: Expedientes de bolsas propias da universidade. Bolsas comedor





Datas extremas: 2006-2014

Volume a eliminar: 217 u.i.

#### **Arquivo de Galicia**

- T015. Serie AA 486: Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria. Aprobada no CADG na sesión do 12 de decembro de 2018. Táboa publicada no DOG núm.97, do 23 de maio de 2019.

Datas extremas: 2003-2014

Volume a eliminar: 384 u.i.

- T 038. Serie AA 4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensino secundario. Aprobada no CADG na sesión do 21 de xaneiro de 2020. Táboa publicada no DOG núm.45, do 6 de marzo de 2020.

Datas extremas: 2007-2007

Volume a eliminar: 46 u.i.

#### **Universidade de Santiago**

Series aprobadas no CADG na sesión do 9 de xullo de 2019. Táboas publicadas no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020:

- T030 . Serie U001: Expedientes de xestión de gasto e do pagamento

Datas extremas: 1990-2018

Volume a eliminar: 183 u.i.

- T031. Serie U002: Expedientes de modificacións orzamentarias

Datas extremas: 1991-2018

Volume a eliminar: 9 u.i.

- T032 . Serie U003: Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio

Datas extremas: 1990-2018

Volume a eliminar: 564 u.i.

#### **Consellería de Facenda e Administración Pública**

- T012. Serie AA260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para o persoal da Xunta de Galicia. Serie aprobada no CADG na sesión do 15 de marzo de 2017. Táboa publicada no DOG núm. 35, do 19 de febreiro de 2018.

Datas extremas: 1993-2008

Volume a eliminar: 2.161 u.i.

4.2 Propostas de eliminación de documentos condicionados á aprobación previa dos estudos presentados neste consello, á aprobación das Táboas de valoración e a súa posterior publicación no DOG:

#### **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Xustiza. (Arquivo Territorial de Pontevedra)**

- Serie AA 5063: Expedientes de asistencia xurídica gratuíta

Datas extremas: 1996-2009

Volume a eliminar: 6.200 u.i.



### Arquivo do Reino de Galicia

- Serie AA 3971: Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)
  - Conservación parcial: mostraxe aleatoria ao 10% (baixas, cobros indebidos)
    - Datas extremas: 1994-2005
    - Volume a eliminar: 584 u.i.
  - Eliminación total (denegados, recursos desestimados, nóminas)
    - Datas extremas: 1993-2006
    - Volume a eliminar: 287 u.i.

### Arquivo de Galicia

- Serie AA3143: Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais  
Datas extremas 2011-2012  
Volume a eliminar: 94 u.i.

### Arquivo Central de Industria

- Serie AA3143: Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais  
Datas extremas 2011-2014  
Volume a eliminar: 757 u.i.

## 5 Informe sobre a problemática das series documentais producidas polo Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) hoxe en día Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)

## 6 Rolda de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior

### 2. Información sobre a renovación dos membros do consello

O presidente informa sobre a renovación de membros do consello. Con motivo do cambio da persoa titular do órgano de dirección competente en materia de avaliación e reforma administrativa, a **vicepresidencia** do Consello correspóndelle ao novo titular: Jesús Oitavén Barcala.

O **Consello de Universidades** en representación das Universidades galegas remite a seguinte proposta:

Prorrogar como titular a José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe de servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña como vogal.

Propoñer como suplente a Desirée Domínguez Pallas, directora do Arquivo Universitario da Universidade de Santiago como vogal.

**En relación á rotación de órganos**, segundo o artigo 5 b) do decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos, en representación dos órganos integrantes do Sistema de Arquivos





de Galicia establécese a rotación dos seguintes órganos: Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo, Consello de Contas de Galicia, Consello da Cultura Galega ou Consello Consultivo de Galicia coa prelación indicada.

Rematada a representación do Parlamento de Galicia pasa a rolda ao **Valedor do Pobo**, que propón como vogal representante a Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia. Non designaron vogal suplente.

### 3. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:

Mar García expón as seguintes propostas:

- Expedientes de catalogación dun vehículo como histórico (Cód. AA 856).
- Expedientes de inscrición no procedemento de recoñecemento de competencia profesional. (Cód. AA3143).
- Expedientes sancionadores en materia de transporte por estrada (Cód.AA 5110)

Apróbanse as tres propostas.

Pasa a palabra a Alfonso Cascudo que expón o estudo da serie xenérica “Expedientes de asistencia xurídica gratuíta” (Cód. AA 5063). Preséntase un único estudo no que se agrupan catro series documentais recollidas no Inventario de Información Administrativa así como unha serie xenérica con código propio que as abranque a todas. Trátase das seguintes series documentais:

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (serie xenérica) Cód.AA 5063
- Expedientes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta Cód AA655
- Expedientes de impugnacións das resolucións das comisións de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA652
- Expedientes de insostibilidade da pretensión de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA3193
- Queixas e reclamacións por actuacións dos profesionais nos casos de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA4481

No formulario cítase a serie de “Expedientes de defensa perante o órgano xurisdiccional das impugnacións” (Cód 5067) pola súa relación como serie subordinada, pero será obxecto de tratamento noutro estudo de avaliación que se presentará para ditame nun próximo Consello de Avaliación.

Apróbanse todas as series.

A continuación Gabriel Quiroga expón o estudo do “Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia” (RISGA) (Cód.AA 3971). Apróbase

Pasa a palabra a Mar García que presenta a proposta dos “Expedientes de autorización de actividades arqueolóxicas (Cód AA 391). Apróbase.

Gabriel expón o estudo da serie documental “Expedientes de xestión de prestacións da Lei de integración social de minusválidos (LISMI) (Cód. AA712). Apróbase.

### 4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

Toma a palabra Anxo Lorenzo para expoñer as solicitudes de eliminación presentadas.



En primeiro lugar as propostas de eliminación que xa foron ditaminadas polo Consello de Avaliación Documental de Galicia e que contan con Táboas de valoración aprobadas e publicadas no DOG:

Solicitudes presentadas polo Concello de Ferrol

- Táboa T024. Serie AL545: Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos
- Táboa T026. Serie AL552: Expedientes de taxas e prezos públicos

Solicitudes presentadas pola Universidade de Vigo

- T030 Serie U001: Expedientes de xestión do gasto e do pagamento
- T031 Serie U002: Expedientes de modificacións orzamentarias
- T032 Serie U003: Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio
- T033 Serie U004: Expedientes de bolsas propias da universidade. Bolsas comedor

Solicitudes presentadas polo Arquivo de Galicia

- T015. Serie AA486 Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria.
- T038. Serie AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensino secundario.

Solicitudes presentadas pola Universidade de Santiago

- T030. Serie U001: Expedientes de xestión de gasto e do pagamento
- T031. Serie U002: Expedientes de modificacións orzamentarias
- T032. Serie U003: Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio

Solicitudes presentadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública

- T012. Serie AA260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para o persoal da Xunta de Galicia.

A continuación expón as propostas presentadas que están condicionadas á aprobación previa dos estudos presentados neste consello:

Solicitudes presentadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dirección Xeral de Xustiza:

- Serie AA 5063: Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (serie xenérica).
- Expedientes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta Cód AA655
- Expedientes de impugnacións das resolucións das comisións de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA652
- Expedientes de insostibilidade da pretensión de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA3193
- Queixas e reclamacións por actuacións dos profesionais nos casos de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA4481

As datas extremas de todas as series van dende 1996 a 2009. O Volume total a eliminar é de 6.200 u.i.

Arquivo do Reino de Galicia: Serie AA 3971: Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)

Arquivo de Galicia: Serie AA3143: Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais





Consellería de Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Formación e Colocación: : Serie AA3143: Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais

Apróbanse todas as solicitudes pero quedan condicionadas á posterior aprobación das Táboas de valoración e a súa posterior publicación no DOG

## **5. Informe sobre a problemática das series documentais producidas polo Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) hoxe en día Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)**

Alfonso Cascudo presenta o informe sobre a selección documental das solicitudes das axudas europeas da Política Agraria Común. Propón a localización dos soportes informáticos e a súa conversión para ter testemuña das subvencións e propoñer a eliminación das solicitudes o que suporía un importante aforro de espazo e de custes de mantemento nas dependencias do FOGGA e nas Oficinas Agrarias Comarcais.

M<sup>a</sup> José Sexto contesta que xa están intentando identificar onde está a información para poder recuperala.

## **6. Rolda de intervencións**

Anxo felicita aos técnicos o traballo realizado é importante seguir a este ritmo para que este Órgano siga a funcionar.

Alfonso comenta o tema dos expedientes de gasto, que xa se presentaron hai tempo no Consello. Son unhas 30.000 u.i. que conservan as Intervencións Delegadas e que quedaron pendentes ata a aprobación dunha norma, similar á do Estado de 2011 na que se estableza un prazo.

Jesús Oitavén di que instará á Intervención para que aprobe a norma e se poida remitir á Conta Xeral

## **ACORDOS:**

- 1. Aprobar a acta da sesión anterior**
- 2. Aprobar os estudos de avaliación e as propostas de selección das series documentais da Administración Autonómica**
  - AA856: Expedientes de catalogación dun vehículo como histórico
  - AA3143: Expedientes de inscrición no procedemento de recoñecemento de competencia profesional
  - AA5110: Expedientes sancionadores en materia de transporte por estrada
  - AA5063: Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (serie xenérica)
  - AA655: Expedientes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta
  - AA652: Expedientes de impugnacións das resolucións das comisións de asistencia xurídica gratuíta
  - AA3193: Expedientes de insostibilidade da pretensión de asistencia xurídica gratuíta
  - AA4481: Queixas e reclamacións por actuacións dos profesionais nos casos de asistencia xurídica gratuíta
  - AA3971: Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)
  - AA391: Expedientes de autorización de actividades arqueolóxicas



- AA712: Expedientes de xestión de prestacións da Lei de integración social de minusválidos (LIS-MI)

### 3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos:

#### Concello de Ferrol

Series aprobadas na sesión do CADG do 9 de xullo de 2019. Táboas publicadas no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

- T024. Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos. (Cód. AL545).  
Dats extremas: 1968-2003  
Volume a eliminar: 43 u.i.
- T026. Expedientes de taxas e prezos públicos (Cód. AL552)  
Dats extremas: 1956-2006  
Volume a eliminar: 95 u.i.

#### Universidade de Vigo

Series aprobadas no CADG na sesión do 9 de xullo de 2019. Táboas publicadas no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020:

- T030 Serie U001: Expedientes de xestión do gasto e do pagamento  
Dats extremas: 2001-2004  
Volume a eliminar: 999 u.i.
- T031 Serie U002: Expedientes de modificacións orzamentarias  
Dats extremas a eliminar: 1996-2004  
Volume a eliminar: 79 u.i.
- T032 Serie U003: Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio  
Dats extremas: 2006-2014  
Volume a eliminar: 1091 u.i.
- T033 Serie U004: Expedientes de bolsas propias da universidade. Bolsas comedor  
Dats extremas: 2006-2014  
Volume a eliminar: 217 u.i.

#### Arquivo de Galicia

- T015. Serie AA 486: Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria. Aprobada no CADG na sesión do 12 de decembro de 2018. Táboas publicadas no DOG núm.97, do 23 de maio de 2019.  
Dats extremas: 2003-2014  
Volume a eliminar: 384 u.i.
- T 038. Serie AA 4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensino secundario. Aprobada no CADG na sesión do 21 de xaneiro de 2020. Táboas publicadas no DOG núm.45, do 6 de marzo de 2020.  
Dats extremas: 2007-2007  
Volume a eliminar: 46 u.i.





### **Universidade de Santiago**

Series aprobadas no CADG na sesión do 9 de xullo de 2019. Táboas publicadas no DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020:

- T030 . Serie U001: Expedientes de xestión de gasto e do pagamento  
Datas extremas: 1990-2018  
Volume a eliminar: 183 u.i.
- T031. Serie U002: Expedientes de modificacións orzamentarias  
Datas extremas: 1991-2018  
Volume a eliminar: 9 u.i.
- T032 . Serie U003: Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio  
Datas extremas: 1990-2018  
Volume a eliminar: 564 u.i.

### **Consellería de Facenda e Administración Pública**

- T012. Serie AA260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para o persoal da Xunta de Galicia. Serie aprobada no CADG na sesión do 15 de marzo de 2017. Táboa publicada no DOG núm. 35, do 19 de febreiro de 2018.  
Datas extremas: 1993-2008  
Volume a eliminar: 2.161 u.i.

Apróbanse pero quedan condicionadas á aprobación das Táboas de valoración:

### **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Xustiza.**

- Serie AA 5063: Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (serie xenérica)
- Expedientes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta Cód AA655
- Expedientes de impugnacións das resolucións das comisións de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA652
- Expedientes de insostibilidade da pretensión de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA3193
- Queixas e reclamacións por actuacións dos profesionais nos casos de asistencia xurídica gratuíta Cód. AA4481  
Datas extremas: 1996-2009  
Volume a eliminar: 6.200 u.i.

### **Arquivo do Reino de Galicia**

- Serie AA 3971: Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)  
Datas extremas: 1993-2006  
Volume a eliminar: 871 u.i.

### **Arquivo de Galicia**

- Serie AA3143: Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais  
Datas extremas 2011-2012  
Volume a eliminar: 94 u.i.



### **Arquivo Central de Industria**

- Serie AA3143: Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais  
Datas extremas 2011-2014  
Volume a eliminar: 757 u.i.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13:15 horas.

Santiago de Compostela,

A secretaria

M<sup>a</sup> Josefa Piñón López

Vº e Prace

O presidente,

Anxo M. Lorenzo Suárez

